

CAMPAÑA VACINACIÓN ANTIGRI PAL 2018

O Servizo de Prevención de Riscos da Universidade de Vigo en colaboración co Servizo de Prevención Alleo (NORPREVENCIÓN) organiza a campaña de vacinación antigripal 2018 dirixida a **todos/as os empregados/as da Universidade**.

- **Que é a gripe?**

É unha enfermidade infecciosa aguda das vías respiratorias causada por un virus. Entre as súas características máis importantes está a súa elevada capacidade de transmisión dunha persoa a outra.

- **Quen debe vacinarse?**

A vacinación recoméndase fundamentalmente para as persoas con alto risco de sufrir complicacións en caso de padecer a gripe e para as persoas en contacto con estes grupos de alto risco. Tamén é recomendable en traballadores que prestan servizos comunitarios (bombeiros, policía, ...), persoal docente e persoal que traballa con colectividade relativamente grandes.

- **Quen non debe ser vacunado?**

- As persoas con alerxia ao ovo, con hipersensibilidade ás proteínas do ovo ou que tivesen algunha reacción alérxica severa a unha vacinación anterior con vacina da gripe.
- Se ten unha enfermidade aguda con febre alta debe esperar ata que esta situación remita.

Consultar co servizo médico a súa situación particular antes do día da vacinación: situación de estado de embarazo, se padeceu recentemente ou padece algunha enfermidade importante, se está vostede coas defensas baixas (inmunodeprimido), se ten febre ou infección aguda, se está a tratamento con corticosteroides e/ou anticoagulantes orais, se está sometido a quimioterapia ou radioterapia, se padece algunha alerxia, etc.

- **Como teño que facer para vacinarme?**

Se está vostede interesado en vacinarse deberá encher o formulario que atopará accedendo á [Secretaría virtual](#) coa súa clave e usuario. No apartado "Formularios e enquisas" / "Privadas" / "Solicitude de vacinación 2018".

Logo de ter accedido á Secretaría virtual, tamén pode facelo premendo no enlace: <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/formularios/encuesta/>

O prazo para solicitar a vacina remata o 5 de novembro de 2018

Unha vez inscrito, poranse en contacto telefónico con vostede dende o Servizo de Prevención Alleo (NORPREVENCIÓN) para confirmar o lugar, data e hora para a vacinación.

Se tivera algunha dificultade para realizar a solicitude, pónase en contacto co Servizo de Prevención de Riscos Laborais:

spri.administracion@uvigo.gal ou tel 986 814 088